RA6 - Organiza os recursos implicados no salvamento acuático aplicando técnicas específicas de rescate no medio acuático, en casos simulados de accidente ou situación de emerxencia, seguindo protocolos de prevención, salvamento e rescate	NO

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer os distintos tipos de socorrista e os seus ámbitos de traballo 1.2 Coñecer a lexislación específica	1	O socorrismo acuático. Introducción e xeneralidades.	10,0
2.1 Coñecer e realizar adestramentos específicos e contextualizados en materia de salvamento en piscina	2	O adestramento específico do socorrista.	40,0
3.1 Coñecer e aplicar técnicas específicas de remolques e de extraccións 3.2 Realizar simulacións de rescate en diversos supostos que poderíamos atopar nunha instalación cuberta	3	A aplicación de protocolos e técnicas de rescate en piscina.	20,0
TOTAL			70

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.7 Determináronse as responsabilidades do/da técnico/a e do/da socorrista, e valorouse a súa competencia relativa ao estado das instalacións, dos equipamentos e do material	• PE.1	S	5
CA6.1 Preparouse o equipamento persoal e os materiais necesarios para previr os riscos durante o desenvolvemento do socorrismo acuático	• OU.1	N	1
CA6.2 Diseñáronse ferramentas para o control permanente dos riscos, do estado do material, dos equipamentos e das instalacións	• OU.2	N	1
CA6.3 Descríronse as normas que hai que cumprir nas instalacións acuáticas para garantir a convivencia e a seguridade das persoas usuarias, aplicando técnicas de comunicación eficaces	• OU.3	N	0
CA6.4 Revisáronse a instalación acuática e os medios materiais, así como a súa operatividade, tendo en conta as medidas de prevención de riscos e efectuando as operacións auxiliares de mantemento e reparación que permitan o seu uso segundo a normativa	• OU.4	N	0
CA6.5 Vixiouse de xeito sistemático e periódico a área designada, para se anticipar ao accidente ou á situación de emerxencia e manter as condicións de seguridade	• OU.5	N	2
CA6.6 Identifícanse os signos que indiquen problemas que supoñan risco real para a persoa usuaria, considerando as condicións da situación	• PE.2	S	5
CA6.7 Interveuse de xeito inmediato de acordo co protocolo establecido	• TO.1	S	5

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.8 Estableceuse a xerarquía das situacións de perigo dunha instalación acuática dada, indicando o protocolo de vixilancia que se utiliza e as modificacións necesarias, para as reducir	• PE.3	S	5
CA6.9 Definíronse as condutas potencialmente perigosas das persoas usuarias nunha instalación acuática e as posibles consecuencias para elas ou para o resto de persoas usuarias, e indicáronse as medidas que o/a socorrista debe adoptar para as poder evitar	• PE.4	S	5
CA6.10 Definíronse os protocolos e as técnicas para a posta en práctica dos labores de vixilancia, prevención e actuación ante unha modificación das condicións de salubridade do centro acuático e en caso de accidente	• PE.5	S	3
CA6.11 Deseñouse o programa de ensaio ou actuación dos protocolos de intervención	• TO.2	S	2
CA6.12 Decidíronse a intervención e, de ser o caso, as técnicas que cómpre realizar, valorando a situación da persoa supostamente accidentada, a do resto de persoas usuarias da instalación e as propias condicións	• TO.3	S	5
CA6.13 Utilizáronse os materiais adecuados nun suposto formulado durante a realización das técnicas de entrada, aproximación, control, traslado e extracción da persoa accidentada	• TO.4	S	2
CA6.14 Realizáronse con seguridade e eficacia as entradas á auga, en función da accesibilidade, a proximidade e as características do contorno	• TO.5	S	5
CA6.15 Realizáronse con seguridade e eficacia as técnicas de natación adaptadas que permiten a aproximación á persoa accidentada	• TO.6	S	5
CA6.17 Mantívose unha flotación dinámica cos brazos levantados fóra da auga, sen desprazarse	• OU.6	N	5
CA6.18 Realizáronse con seguridade e eficacia técnicas de control e remolque da vítima, mantendo as súas vías respiratorias fóra da auga	• TO.7	S	15
CA6.19 Realizouse con seguridade e eficacia a secuencia de entrada de cabeza, cincuenta metros de nado libre e mergullo a unha profundidade de dous metros como mínimo, para recoller un manequín de competición e remolcalo cunha técnica correcta durante cincuenta	• TO.8	S	5
CA6.20 Realizouse con seguridade e eficacia o remolque sen aletas a unha persoa posiblemente accidentada, ao longo de cen metros, con catro técnicas diferentes, nun tempo máximo de catro minutos	• TO.9	S	5
CA6.22 Realizouse con seguridade e eficacia a extracción da auga dunha persoa posiblemente accidentada consciente ou inconsciente e sen afectación medular, consonte os protocolos e aplicando a técnica correctamente, despois de a ter remolcado 100 metros	• TO.10	S	5
CA6.23 Realizáronse con seguridade e eficacia técnicas de mergullo e rastrexo con e sen material auxiliar, evitando pórse en perigo a si mesmo/a, recuperando unha vítima que se atopa no fondo e sacándoa á superficie	• TO.11	S	2
CA6.24 Realizouse con seguridade e eficacia a extracción dunha persoa accidentada con posible afectación medular, utilizando o material adecuado, organizando un grupo de dous/dúas ou tres socorristas de xeito acorde cos protocolos e aplicando as técnicas correct	• TO.12	S	2
CA6.25 Realizouse a análise crítica e a avaliación das técnicas de entrada, aproximación, control, remolque, extracción e traslado da vítima, segundo o estado desta e as características da instalación acuática, ante unha simulación de rescate, e establecéronse p	• TO.13	S	5
CA6.26 Aplicáronse técnicas de comunicación coa persoa accidentada, cos equipamentos que interveñen na situación de emerxencia, coas persoas espectadoras e acompañantes da vítima, para proporcionar seguridade durante a asistencia	• TO.14	S	5
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>0Lexislación básica sobre seguridade e prevención de riscos en instalacións acuáticas. Requisitos de seguridade básicos que deben cumprir os espazos para a realización de actividades de fitness acuático. Medidas de prevención de riscos nas instalacións acuáticas.</p> <p>Recursos humanos. Responsabilidades do/da técnico/a e do/da socorrista. Aspectos de seguridade da súa competencia relativos ao estado das instalacións, os equipamentos e o material.</p> <p>Materiais específicos, adaptados, alternativos e auxiliares para o desenvolvemento do salvamento acuático.</p> <p>Supervisión e mantemento de materiais utilizados en actividades de fitness acuático e en socorrismo acuático. Inventario. Localización e condicións de almacenamento. Anomalías máis frecuentes dos aparellos e do material tipo, e formas de detección e corrección.</p> <p>Posto de salvamento. Materiais de comunicación, de intervención, de extracción e de evacuación. Mantemento. Parte de incidencias.</p> <p>Protocolos de seguridade e prevención de riscos nas instalacións acuáticas. Criterios básicos de prevención e seguridade aplicables nas actividades de fitness acuático e salvamento. Riscos asociados ás zonas potencialmente perigosas e ás condutas das persoas.</p> <p>A prevención no medio acuático.</p> <p>0Organización do socorrismo: percepción do problema, análise da situación, toma de decisións, execución das accións de rescate, primeiros auxilios e avaliación do rescate.</p> <p>Aspectos psicolóxicos e técnicas de comunicación na fase crítica do rescate. Comunicación cos membros do equipo de traballo, coas persoas usuarias e espectadoras, coa accidentada e coas súas familiares ou acompañantes, controlando a situación durante a intervención.</p> <p>Situacións de risco máis frecuentes no medio acuático. Prácticas de risco: condutas inapropiadas, mergullos perigosos, apneas forzadas, actividade con sobreesforzos e xogos descontrolados. Ausencia de protección e vixilancia. Rescates sen coñecemento e recuperación.</p> <p>Protocolos de supervisión da instalación acuática. Elementos que hai que revisar. Orde e periodicidade da supervisión. Xerarquización dos riscos.</p> <p>Características da auga e consideracións relativas a roupa e calzado.</p> <p>Obxectivos, posibilidades e límites de actuación no socorrismo acuático.</p> <p>Perfil, actitudes, aptitudes e funcións do/da socorrista. Responsabilidade civil e penal. Coordinación con diferentes profesionais. Normativas de referencia. Doenzas profesionais, riscos de actuación e prevención de riscos.</p> <p>Protocolos de actuación e plans de emerxencia. Plans de vixilancia, de comunicación, e plans de traslado e evacuación. Intervención ante diferentes tipos de vítimas.</p> <p>Postos, normas e técnicas de vixilancia.</p>

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O socorrismo acuático. Introducción e xeneralidades.	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración e exposición dos contidos teóricos 	<ul style="list-style-type: none"> • • • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 • OU.2 • OU.3 • OU.4 • PE.1 • TO.2 	10,0
O adestramento específico do socorrista.					<ul style="list-style-type: none"> • OU.6 • TO.6 • TO.7 • TO.8 • TO.9 • TO.11 • TO.13 	40,0
A aplicación de protocolos e técnicas de rescate en piscina.					<ul style="list-style-type: none"> • OU.5 • PE.2 	20,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> • PE.3 • PE.4 • PE.5 • TO.1 • TO.3 • TO.4 • TO.5 • TO.10 • TO.12 • TO.14 	
TOTAL						70,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	O salvamento deportivo.	10

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Organiza os recursos implicados no salvamento acuático aplicando técnicas específicas de rescate no medio acuático, en casos simulados de accidente ou situación de emerxencia, seguindo protocolos de prevención, salvamento e rescate	NO

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer os protocolos e técnicas específicas propias da competición de salvamento	1	Introdución, regulamento e distintos tipos de probas existentes de salvamento deportivo.	2,0
2.1 Vivenciar a realización de probas específicas dos campionatos de salvamento acuático	2	Realización práctica dalgũa "minicompetición" adaptada de salvamento deportivo	8,0
TOTAL			10

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.21 Realízase con seguridade e eficacia o remolque con aletas a unha persoa accidentada, de peso e flotabilidade media, ao longo de cen metros, utilizando unha soa técnica libre, nun tempo máximo de tres minutos e 45 segundos	<ul style="list-style-type: none"> • TO.1 	S	100
TOTAL			100

4.6.e) Contidos

Contidos
Técnicas específicas de rescate acuático, con e sen material. Entrada, aproximación, control, remolque e extracción da persoa accidentada, segundo o estado da vítima e da instalación acuática.
Adestramento específico das técnicas de salvamento acuático. Simulación de actuación.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Introdución, regulamento e distintos tipos de probas existentes de salvamento deportivo.	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración e exposición dos contidos teóricos • Elaboración e dirección de sesións prácticas 	<ul style="list-style-type: none"> • • • • • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenadores, piscina, material de salvamento acuático, bonecos de rcp, botiquíns e bolígrafo. 	<ul style="list-style-type: none"> • TO.1 	2,0
Realización práctica dalgunha "minicompetición" adaptada de salvamento deportivo					<ul style="list-style-type: none"> • TO.1 	8,0
TOTAL						10,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para o cálculo da nota final de cada avaliación:

Realización de exames teóricos: puntuarase de 0-10. 30%

Realización de exames prácticos de acondicionamento físico na auga: Puntuarase de 0-3. 30%

Asistencia activa nas sesións de práctica: Puntuarase de 0-2. 20%

Presentación correcta en tempo e forma de tarefas subidas á aula virtual: Puntuarase de 0-2. 20%

Realización de exames teóricos:

Os exames de teoría constarán de entre 30 e 40 preguntas tipo test de catro respostas e unha soa correcta, referentes ós contidos de carácter teórico impartido ó longo do curso.

Mínimo obrigatorio: Será necesario unha nota mínima de 5 puntos para superar este criterio, podendo facer media cos outros criterios a partires do 3'5.

Realización de exames prácticos de acondicionamento físico na auga:

A execución das probas prácticas esixirán que os alumnos deben demostrar unha capacitación mínima e un desenvolvemento das cualidades motrices necesarias para os requirimentos específicos do módulo. Puntuaranse de 0 a 3, sendo o 3 a máxima puntuación.

Mínimo obrigatorio: Será necesario unha nota mínima de 1'5 puntos para superar este criterio, podendo facer media cos outros criterios a partires do 1.

Asistencia activas ás sesións de práctica.

O traballo e a participación activa diaria nas sesións de práctica serán valoradas tódolos días, sendo recollida esta participación ó final das sesións polo profesor nas fichas individuais dos alumnos. O profesor valorará cun (+), un (.) ou un (-) cada día, sendo o (+) unha actitude adecuada, un (.) unha actitude pouco comprometida ou pouco participativa, e un (-) cando se interrompe o normal desenvolvemento da sesión ou se produce algunha conducta inapropiada. Un negativo supón restar 0'25 puntos neste apartado. Se a falta é moi grave, restarase 0'5, e se precisase expulsar ó alumno, restarase 1 punto.

Mínimo obrigatorio: Non existe un mínimo obrigatorio como tal. Cada alumno puntuará en función do número de positivos acadados na U.D., sendo o máximo 2 puntos, que se consiguen asistindo, traballando e participando no 100% das sesións.

Sí se considerará o mínimo de non perder a avaliación continua por faltas de asistencia.

Presentación correcta en tempo e forma de tarefas subidas á aula virtual:

Na aula virtual colgaranse periódicamente tarefas directamente relacionadas cos contidos traballados e que podemos considerar como necesarias para complementar a adquisición e o traballo dos mesmos. Puntuarase de 0-2, sendo necesario un mínimo de 1 punto para que este criterio poda facer media cos demais.

Mínimo obrigatorio: Acadar unha cualificación mínima de 1 entre todas as tarefas presentadas.

Recordamos que ningún alumno poderá ser calificado positivamente en caso de non ter superado todos os mínimos obrigatorios deste apartado. Neste caso non poderá ser calculada a nota media da avaliación facendo constar no boletín como máximo a nota de 4 puntos.

Para o cálculo da nota final do módulo:

Calcularase o promedio da nota media de cada unha das avaliacións

Ten que ter un 3'5 como mínimo en todas as probas prácticas e teóricas de cada avaliación para poder facer a media.

Ademais debe superar con calificación de apto en todas as probas de socorrismo que marcan os estándares de aprendizaxe deste módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non supere algunha das tres avaliacións do módulo, ou varias, poderá facer, nun período extraordinario datado aproximadamente na primeira quincena de xuño, a recuperación das partes suspensas do mesmo (exames, parte práctica e/ou traballos) para o que será preciso deixar un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación dos apartados suspensos.

O docente realizará un informe de avaliación individualizado no que se farán constar os CA mínimos asociados a cada RA non superados causantes do suspenso, e no que se revisarán todos os contidos abordados, as tarefas e traballos entregados polo alumna/o e os seus exames para valorar as necesidades formativas que precisa, e que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación.

As actividades que se realizarán co alumnado que deba recuperar o módulo serán as seguintes:

Titorías de atención ao alumnado no horario de atención aos mesmos que debe constar no horario de cada profesor.

Asistencia a clase no seu horario regular para reforzar os CA avaliados negativamente.

Revisión de material de estudo.

Lectura e análise de material complementario.

Visionado de materiais audiovisuais.

Elaboración de traballos e/ou proxectos de investigación e análise.

Realización de contidos prácticos.

Reelaboración de tarefas e traballos.

Para recuperar as partes suspensas do módulo, o alumno/a deberá realizar neste período os exames teóricos pendentes, que serán similares aos da avaliación continua, realizar as prácticas non superadas, cos mesmos criterios que as feitas no seu día, e entregar os traballos non superados coas pertinentes correccións feitas no período extraordinario de recuperación. A cada unha das partes ás que o alumno precisara presentarse, puntuarase de 0 a 10, sendo necesario ter como mínimo un 5 nelas para a superación do módulo. A nota obtida inserirase na U.D. de referencia e se ponderará coas demais notas da U.D. xa superadas.

En caso de non acadar unha avaliación positiva, o alumno/a deberá presentarse á proba de avaliación extraordinaria na que concorrerá coa totalidade dos contidos do módulo.

A cualificación definitiva farase efectiva na avaliación final de módulos.



6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Sobre a asistencia

O artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial establece:

- A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, nas modalidades de ensino presencial cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo.

- O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia inxustificadas, consonte ao anterior, nun determinado módulo superen o 6 % respecto da súa duración total. Para a determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

- O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

- De superar esta porcentaxe de faltas o alumno ou alumna poderá seguir asistindo á clase, pero soamente como oínte. No mes de xuño realizará unha proba escrita de carácter teórico e unha proba de carácter práctico (ambas sobre o total dos contidos do módulo). O alumnado con perda efectiva do dereito a avaliación continua, non terá dereito a realizar as correspondentes actividades de recuperación a que se refiren os artigos 29.3, 31.4 e 34.3 da Orde do 12 de xullo de 2011.

O módulo ten unha duración de 213 horas, é dicir, 255 sesións de 50 minutos, sendo o número máximo de faltas para ter dereito á avaliación continua do 10% de faltas non xustificadas (aproximadamente 26 faltas a sesións de 50 minutos) ou 20% se son xustificadas (51 faltas de asistencia a sesión de 50 minutos).

Sobre a avaliación

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua ou non superou o módulo polo procedemento ordinario, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de Xullo de 2011, terá dereito a unha proba de avaliación extraordinaria previa á avaliación final. A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente.

A proba de avaliación extraordinaria para o alumnado que perdeu o dereito a súa avaliación continua, consistirá nun exame teórico similar ós feitos no procedemento ordinario, nos que haberá preguntas correspondentes a tódalas U.D. así como supostos teórico-prácticos referentes ás practicas realizadas durante o curso.

Para a avaliación dos contidos de carácter procedimental, deberá realizar as probas de execución seguindo os mesmos criterios que para a avaliación ordinaria.

Cada unha das partes puntuarase de 0 a 10, sendo necesario ter como mínimo un 5 en cada unha delas para a superación do módulo

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación realizarase cunha frecuencia mínima mensual, no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións. Este grao de cumprimento valorarase porcentualmente comparando os contidos previstos a impartir en cada U.D., e os contidos impartidos realmente, facendo referencia á temporalización das mesmas, é dicir, comparando o número de sesións previstas co número real de sesións impartidas. O referido seguimento e revisión constará nas correspondentes actas do departamento e na memoria final do módulo para que sirva de referencia para futuros anos académicos.

En canto a avaliación da propia práctica docente, estableceremos dous mecanismos de recollida de información, un propio baseado nos resultados acadados polos alumnos, e outro que lles permita aos alumnos valorar a miña intervención educativa.

Para a avaliación propia estableceranse os seguintes criterios:

Inaceptable: O 50% dos alumnos non acadan os contidos mínimos de cada U.D.

Pobre: O 80% dos alumnos acadan soamente os contidos mínimos de cada U.D.

Aceptable: O 80% dos alumnos acadan máis do 60% dos contidos de cada U.D.

Adecuado: O 60% dos alumnos acadan o 80% dos contidos de cada U.D.

No caso de non acadar un nivel aceptable, será necesaria a revisión e modificación da programación reflectindo os cambios na mesma tanto nas actas de reunión de departamento como na memoria final do módulo.

Para a participación dos alumnos na valoración do proceso ao final de cada avaliación, pasaráselles un cuestionario anónimo no que se valorarán aspectos como a pertinencia dos contidos, a utilidade das prácticas, as explicacións da docente, o material... do que se poderá extraer información que oriente e dirixa a intervención pedagóxica.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do ciclo formativo, a profesora realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades, realizado a través dunha proba escrita moi sinxela referida aos contidos mínimos do módulo. Así mesmo, esta proba servirá para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente, e permitírnos adaptar o noso labor ás características xerais do grupo clase.

Posteriormente, durante a reunión de avaliación inicial, porase en común os resultados acadados polos profesores do ciclo, e o profesor ou profesora que se encargue da titoría dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas, ou persoais con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñen.

Cabe destacar a importancia da detección de ACNEE nesta reunión de avaliación inicial, cos pertinentes informes e colaboración do departamento de orientación. Así, a avaliación das orientadoras/es determinará as habilidades ou destrezas, a capacidade para afrontar as competencias profesionais que se esixen no perfil profesional, así como actitudes, e as necesidades educativas.

As ferramentas serán:

Desenvolvemento dunha enquisa persoal inicial. Na enquisa realizada a través da opción de formularios recábase información sobre estudos previos, orientación profesional ao remate do ciclo, calificación final obxectivo no módulo.

Enquisa de coñecementos previos.

Ficha nivel de estilos crol, costas e braza.

Observación de niveis iniciais nas prácticas e plantexamento das estratexias individualizadas.

Adaptación dos contidos aos condicionantes de diversidade funcional e limitacións do alumnado .

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Segundo a normativa vixente tanto autonómica como estatal que regula o procedemento de admisión do alumnado para cursar ciclos formativos de grao medio e de grao superior, unha das vías de acceso serán as prazas reservadas para persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou maior ao 33%. No caso dos ciclos de formación profesional, serán os orientadores e orientadoras dos centros quen valorará o ACNEE que entre por esta vía e faga un informe sobre cada caso. Isto resulta imprescindible xa que cada vez hai máis casos de alumnado con NEE nos ciclos de formación profesional.

En xeral, realizarase un seguimento individualizado de cada caso, tratando de establecer as medidas máis axeitas en cada un deles e colaborando estreitamente co resto do equipo educativo e o departamento de orientación nesta tarefa. Así, na procura de que a totalidade do alumnado teña a posibilidade de conseguir os obxectivos xerais propostos para este módulo ao longo do curso, poranse en marcha as medidas de reforzo, ampliación e flexibilización que sexan precisas cando así o requiran os alumnos.

Os aspectos nos que centraremos as nosas intervencións serían:

Espazos: eliminación de barreiras arquitectónicas, organización accesible do mobiliario na aula, situación física do alumno ou alumna na aula, etc.

Tempos: flexibilidade na cronoloxía da programación, temporalización e gradación de obxectivos e contidos, atención aos diferentes ritmos de traballo nas actividades desenvoltas, etc.

Recursos materiais: elaboración e/ou adquisición de materiais adaptados, emprego de diferentes metodoloxías e material de carácter exemplificador para traballar un mesmo contido cando hai dificultade na súa comprensión, colocación accesible, etc.

Recursos persoais: promover agrupamentos que beneficien o seu proceso de ensino-aprendizaxe, promover a colaboración e implicación do grupo-clase, coordinación co resto do equipo educativo (titor/a, profesorado doutros módulos), colaboración co Departamento de Orientación do centro, solicitude de intérpretes, etc.

Por último, salienta que os procesos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas das que poida ser obxecto o alumnado con discapacidade e garantírase a súa accesibilidade ás probas de avaliación en igualdade de condicións en todo momento.



9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores está implícita no currículo do ciclo formativo, xa que está orientado á formación de profesionais competentes no ámbito deportivo e socioeducativo, respectuosos, tolerantes e solidarios. Neste módulo, pola súa especial natureza orientada ao ensino e a condución de actividades lúdicas e deportivas, aporta traballo en diversos valores asociados á empatía, ás habilidades sociais e de comunicación, respecto, sensibilidade, colaboración e cooperación.

Faremos fincapé na análise dos contidos desde unha perspectiva de xénero, procurando sempre visibilizar e revalorizar as mulleres a través do noso discurso, procurando sempre a igualdade de oportunidades e un cambio nas mentalidades do noso alumnado.

Conscientes tamén de que a educación para a saúde é un referente tanto na súa base educativa como profesional, reforzaremos contidos como a saúde, o propio coidado ou a prevención de riscos. A maiores, traballaremos as cuestións medioambientais utilizando os menos recursos materiais posibles, empregando papel reciclado, separando lixo, e cuestións relacionadas co respecto a outra persoa a través do clima na aula, das habilidades sociais, etc.

A formación profesional está inmersa na filosofía de formación para a vida, así consideramos que os contidos adaptanse a realidade cotiá cando abarcan os tres eidos da formación persoal, social e laboral; de aí que se busque este enfoque xa especificado no Proxecto Educativo de Centro.

Por último, salienta que tanto o ciclo, en xeral, como este módulo, en concreto, pretenden propiciar a accesibilidade universal empregando o deseño para todo/as, co cal, este será un dos nosos pilares clave en todas as nosas intervencións, dentro e fora da aula.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O presente módulo precisa dunha serie de saídas didácticas do centro co obxectivo de coñecer e probar diversas actividades relacionadas coa materia, así como ver e probar outros materiais específicos dos que non dispoñemos. Tamén sería interesante facer saídas a instalacións específicas de actividades dirixidas para coñecer de primeira man e vivenciar algunha sesión real de adestramento dirixida por monitores especializados.

As actividades propostas serían as seguintes:

Saída a ó complexo deportivo " Máis que auga" en Navia (VIGO)

Saída a coñecer as instalacións deportivas e o almacén de material deportivo da empresa Jimsports (Palas de Rei)



10. Outros apartados

10.1) Plan de continxencia ante escenarios de aillamento ou de confinamento COVID

Plan de continxencia ante escenarios de illamento ou de confinamento COVID.

O departamento de Educación Física acordou a elaboración do seguinte documento no que se recollen as liñas xerais de actuación en caso de illamentos ou de confinamentos:

Neste ano tan atípico no que nos vemos ameazados pola incerteza da aparición de casos positivos de COVID, ou mesmo por sufrir un novo período de confinamento, no departamento xa se está a traballar en actuacións para os distintos escenarios que nos podemos topar: gromos a nivel alumnado, aula, nivel, comunidade educativa,..., medidas de reinicio da actividade lectiva presencial, se se dera o caso, etc.

Como liñas xerais de traballo, acordamos as seguintes actuacións e actividades a realizar, chegados ao caso:

Actividades: Diversas actividades relacionadas cos contidos propios da materia e que complementan e/ou amplían os contidos xa vistos e traballados na clase, así como a continuidade na impartición de contidos teóricos de xeito telemático. Renunciamos a impartir novos contidos non teóricos pola natureza eminentemente práctica da materia e pola imposibilidade de estar presentes para realizar os feed-backs e as corrección pertinentes e necesarias que minimicen as posibilidades de lesión durante as prácticas de carácter deportivo.

Metodoloxía: Publicación na Aula Virtual do centro , Abalar, Drive do departamento ou ferramenta semellante, das diversas actividades e tarefas, directamente relacionadas cos contidos xa traballados, e que perseguen unha implicación práctica e motriz do alumnado.

Materiais e recursos:

- 1.- Aula Virtual do centro, aplicación Abalar, webex...
- 2.- Dispositivos de comunicación electrónica (smartphones, tablets ou PC)
- 3.- Roupa de deporte axeitada
- 4.- Pequeno espazo no fogar para a realización de tarefas deportivas e posturais sinxelas.
- 5.- Materiais de uso común e/ou deportivo facilmente conseguibles no fogar como paus de escoba, botellas de auga plásticas, sillas e banquetas, esterillas...
- 6.- App libres e gratuítas do ámbito do fitness.

Avaliación:

Procedementos:



- 1.- Os procedementos principais serán a observación directa e o rexistro por escrito ou a través da AV nos cadernos de clase do profesor.
- 2.- Elaboración e presentación de tarefas vía telemática.
- 3.- Realización dos contidos prácticos propostos co material axeitado para a práctica deportiva.
- 4.- Participación activa e decidida nas actividades propostas polo profesor/a.

Instrumentos:

- 1.- Planilla diaria de observación individual.
- 2.- Rúbrica para a valoración do 40% da nota, participación activa nas sesión programadas.
- 2.- Test estandarizados de condición física.
- 3.- Exámenes ou probas prácticas utilizando planilla de condutas observables e traballo técnico-táctico dos distintos deportes.
- 4.- Traballos ou exames teóricos nos casos nos que sexan necesarios.
- 5.- Visionado e participación de tarefas colgadas na A.V.
- 6.- Elaboración e presentación de tarefas vía telemática.

Cada profesor adaptará de maneira persoal as actuacións propios do seu nivel educativo ou do seu módulo no ciclo en función das necesidades específicas dos mesmos.